

Xustificación do traballo

A lectura de contos forma parte da rutina diaria. Todos os días comezamos lendo un conto, ben escollido por min, ben proposto por eles. Ese momento de lectura é o mellor e máis máximo momento da mañán. A eles encántalle e a min tamén.

É un momento o que se chega por gusto e disfrute persoal e no que se transmite a emoción e o meu gusto pola lectura. Emoción, pasión que intento que pouco a pouco eles imiten.

A lectura é dramatizada, entonada proceso que require práctica e lles serve a eles de modelo correcto de lectura.

Os libros que lemos ocupan un lugar destacado na aula. Están colocados na pizarra, colocados verticalmente para que os vexan e manipulen. Periódicamente acudo á biblioteca e cambio por outros; este proceso xenera interés neles por ir á biblioteca para collelos e levalos para casa e compartilos en familia.

Hai que ter un bo coñecemento da literatura infantil visitando distintas bibliotecas, librarías e blogues e estando abertos e atentos ás propostas que traen os alumnos da clase.

Eu non lles propoño un libro para traballar, os libros na miña clase están ligados a pracer, emocións positivas, novidade, compartir... Nós o que facemos é de paso que lemos falamos, aprendemos, reflexionamos e xogamos. Cando nos xurde un problema temos un libro, común, na mente ó que recurrir para explicar, o que é poñerse no punto de vista de outro, o que pasa cando se molesta ós compañeiros, o que se sente a deixar a alguén aillado...

Non hai unha unidade didáctica concreta hai unha filosofía de traballo e un modo de entender e transmitir o gusto pola lectura.

A selección de libros que fago é unha achega ós libros dispoñibles na biblioteca que cada quen empregará como sinta e adapte ás necesidades dos seus alumnos.

A nosa biblioteca está chea de fantásticos libros esperando a ser contados e transmitidos pero iso pasa polo seu coñecemento. Isto só pretende ser un pequeno achegamento (limitado por non poder acceder ós fondos da

biblioteca nesta cuaretena) ó fantástico mundo alí encerrado ó cal só se poderá acceder se hai pasión e amor polos libros.